

se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo.

Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas pola autoridade que as conferiu.

Artigo 3º

En calquera momento a conselleira poderá reclamar o exercicio da competencia delegada por esta orde, das que quedan excluídos, en todo caso, os supostos previstos no artigo 13.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 44.2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2005.

María Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 12 de decembro de 2005 pola que se publican os tipos de xuro que as entidades de crédito aplicarán durante o ano 2006 aos contratos de arrendamento financeiro subvencionados ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das Pemes.

De conformidade cos convenios de apoio financeiro os investimentos das Pemes asinados coas entidades de crédito durante os anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e convenio de apoio financeiro 2004 e 2005 ao sector do transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos, os tipos de xuro dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados pola Xunta de Galicia, que se formalizaron a tipo de xuro variable, variarán por anos naturais, establecéndose no texto dos citados convenios o sistema de determinación do tipo de xuro para exercicios futuros.

Visto o exposto, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e do euribor durante o período establecido nos citados convenios, e en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro máximos que se aplicarán durante o ano 2006 aos contratos de arrendamento financeiro formalizados, a tipo variable, ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das Pemes dos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio ao sector do transporte

público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos dos anos 2004 e 2005, serán os seguintes:

Contratos de arrendamento financeiro do convenio 1998: 3,50%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,25 puntos, o tipo de xuro que se aplicará será o resultado de engadirlle ao tipo de referencia (2,27) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais arredondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Contratos de arrendamento financeiro do convenio 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e convenio de apoio financeiro 2004 e 2005 ao sector do transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos: 3,40%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,15 puntos, o tipo de xuro que se aplicará será o resultado de engadirlle ao tipo de referencia (2,272) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais arredondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Segundo.-As entidades de crédito deberán comunicarlles aos beneficiarios dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados a variación do tipo de xuro.

Terceiro.-O tipo de xuro do contrato de arrendamento financeiro resultante para o beneficiario, é dicir, o nominal menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ao límite fixado nos citados convenios e na resolución de concesión de axuda. No caso de que sexa inferior limitarase a subsidiación ata o citado límite. Para o caso de que o tipo de xuro nominal sexa igual ou inferior ao límite suspenderase a subsidiación e o tipo de xuro para aplicar ao contrato de arrendamento financeiro será o que lle corresponda segundo o establecido no punto primeiro da presente resolución.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2005.

José Ramón Fernández Antonio
Presidente do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 12 de decembro de 2005 pola que se publican os tipos de xuro máximos que as entidades financeiras aplicarán durante o primeiro semestre do ano 2006 aos préstamos en vigor dos convenios de axuda financeira ás Pemes dos anos 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia 2001.

De conformidade cos convenios de colaboración de axuda financeira ás Pemes dos anos 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia 2001, os tipos de xuro para exercicios futuros